

XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN CULTURAL DE ESTUDIOS HISTÓRICOS
DE GALICIA

REUNIÓN DO 15 DE MARZO DE 2007

Na cidade da Coruña e sé da *Biblioteca Municipal de Estudios Locais*, previa convocatoria circulada hai días, reuniuse a Xunta Directiva da *Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia* coa a presidencia de José Luís López Sangil e a asistencia dos vocais Manuel María de Artaza Montero, Demetrio Díaz Sánchez, José Luis Gorrochategui Santos, Amparo Hernández Segura, Manuel Vidán Torreira, Benito Figueroa Aldariz, tesoureiro, Jesús Ángel Sánchez García, vicesecretario, e eu mesmo Javier López Vallo, secretario.

Sendo as vinte horas trinta e cinco minutos, o presidente deu por aberta a sesión e comezáronse a tratar os puntos da orde do día.

1.- Informe do Presidente.

Deu conta o presidente dos puntos que se tocarán na orde do día a fin de enfocar os debates con mais pertinencia, indicando á vez que as actividades da Asociación desenvólvense con normalidade.

2.- Estado de contas. Domiciliación de recibos. Seguimento do pago de cotas do 2007.

O tesoureiro presentou as contas da Asociación, entregando un estadiño ós membros da Xunta que aprobounas por unanimidade.

3.- Xestións, edición e impresión Nalgures N° 2.

Deu conta o presidente de haber ultimado a edición do número dous de *Nalgures*, atopándose xa en prensa e aprobándose asemade as condicións económicas. Como a experiencia indica que se deber facer certos axustes, a Xunta Directiva ve de necesidade de modificar as normas de colaboración.

4.- Edición Nalgures N° 3.

Tras un debate moi miúdo, acordouse editar o terceiro número da nosa revista en tres ou catro meses. Para tal número tan so se conta con tres artigos, co cal decidiuse que este secretario envíe un correo electrónico a todos os socios pedíndolles artigos para o novo número.

5.- Organizar a presentación do número dous de Nalgures.

Co gaio da saída do prelo deste novo número, acordouse facer unha presentación pública da revista. A Vicepresidenta fará as xestións precisas para reservar o salón de actos da Fundación Caixa Galicia na rúa Juan Flórez desta cidade.

6.- Programación das vindeiras excursións. Excursión a Oporto.

Acordouse que próxima excursión sexa a Camariñas e o seu entorno, visitando o museo de Ponte do Porco, Camelle e o Cemiterio dos Ingleses procurando que a visita ao faro de Cabo Vilán inclúa unha visita á lanterna do faro. Fixouse como data para a excursión o vindeiro 14 de abril. Da organización encargárase Luis Gorrochategui coordinado coa vocal de excursións Ana Fernández Matarán.

En canto á excursión a Oporto, fíxanse como datas os días 5 e 6 de maio. Farase un programa previo, con estimación de custos que presentará o presidente ós demais socios.

7.- Programación de conferencias.

Luis Gorrochategui anunciou que dará unha conferencia titulada “Bicentenario de las invasiones británicas al Río de la Plata 1806-1807”. Fixarase a data nos próximos días e comunicárase ós socios por correo electrónico.

8.- Estado subvencións: Caixa Galicia e Deputación.

Deu conta o presidente todo o atinente a estes puntos quedando enterados os demais membros da Xunta Directiva das xestións practicadas e aprobando as actuacións desenvolvidas. Indicou asemade que a Fundación Pedro Barrié de la Maza ‘Conde de FENOSA’, concedeunos unha subvención para o “Proyecto de transcripción de la colección documental de Santa María de Monfero”, dentro da “III Convocatoria de proxectos en colaboración 2006-2007” que será desenvolvido polos socios José Luis López Sangil, María Josefa Sanz Fuentes e Miguel Calleja Puerta.

9.- Novos asociados.

Acordouse admitir a un novo socio que solicitou o seu ingreso, Alfonso García López, ben coñecido polos seus traballos sobre historia económica.

10.- Entrega do diploma de Socio de Honor.

Farase a entrega, en próximos días, aprazada até agora por diversas circunstancias, ao Socio de Honor Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, director do Instituto de Estudos Galegos ‘Padre Sarmiento’.

11.- Celebración de Xornadas históricas.

Volveuse a debater este punto, e de novo as dificultades económicas fan que se deixe sen un resultado definitivo.

12.- *Rogos e preguntas.*

Respecto á celebración das Xornadas históricas, impulsadas por esta Asociación, e debido ás dificultades atopadas, o socio Manuel María de Artaza Montero, propuxo a celebración de seminarios entre os membros da Asociación, que se poden desenvolver sen os gastos que ocasionaría a celebración das Xornadas. A Xunta Directiva estimou moi razoable a proposta do socio, que se poderá concretar a medio prazo.

E sendo as vinte dúas horas e dez minutos, non habendo máis asuntos de que tratar, o presidente deu por levantada a sesión, de todo o cal eu secretario, certifico.

José Luis López Sangil, presidente

Javier López Vallo, secretario